

TEST 1

PREPARAD@ PARA POR A PROBA OS TEUS COÑECEMENTOS? MOITA SORTE!

1. Marca a opción correcta: O universo está formado por:



- ☐ Todas as estrelas e o espazo que hai entre elas.
- ☐ Todos os corpos celestes ou astros, e o espazo que hai entre eles.
- ☐ Todos os planetas e o espazo que hai entre eles.

2. Marca a opción correcta: os astros máis importantes son:

- ☐ As galaxias, as estrelas, os planetas e os satélites.
- ☐ As galaxias, as estrelas, os planetas, os satélites e os planetas menores.
- ☐ As galaxias, os planetas, os satélites e os planetas menores.

3. Marca a opción correcta: As galaxias son:

- ☐ Grupos de planetas, estrelas e astros.
- ☐ Grupos de planetas e estrelas.
- ☐ Grupos de planetas e astros.

4. Marca a opción correcta: A nosa galaxia, a Vía Láctea, ten forma:

- ☐ Irregular.
- ☐ Elíptica.

☐ Espiral.

5. As estrelas:

☐

Son astros esféricos de gases incandescentes.

☐

Producen moita enerxía en forma de luz e calor.

☐

Todas as respostas anteriores son verdadeiras.

6. Un conxunto de estrelas forma unha:

☐

Cometa.

☐

Estrela fugaz.

☐

Constelación.

7. Os planetas :

☐

Son astros que non xiran arredor dunha estrela.

☐

Teñen luz propia.

☐

Todas as respostas anteriores son falsas.

8. Os satélites:

☐

Son astros que xiran arredor dun planeta.

☐

O noso satélite é a Lúa.

☐ Todas as respostas anteriores son verdadeiras.

9. Os astros menores son:

☐ Os meteoritos e asteroides.

☐ Os meteoritos, os cometas e os asteroides.

☐ Os asteroides e cometas.

10. A Terra encóntrase no sistema solar, que está formado por:

☐ Un conxunto de astros (8 planeas, satélites, os planetas ananos, os cometas e asteroides).

☐ Un conxunto de astros (8 planeas, satélites, os planetas ananos, os cometas e asteroides) e por unha gran estrela: o Sol.

☐ Un conxunto de astros (8 planeas, satélites, os cometas e asteroides) e por unha gran estrela: o Sol.

11. O percorrido que fai cada planeta no movemento de translación denomínase:

☐ Órbita

☐ Eixe de translación.

☐ Eixe de rotación.

12. A xeosfera:

- ☐ É a parte rochosa do planeta.
- ☐ Consta de tres capas.
- ☐ Todas as respostas anteriores son verdadeiras.

13. A O núcleo:

- ☐ É a capa externa da Terra.
- ☐ Ten temperaturas moi baixas.
- ☐ Todas as respostas anteriores son falsas.

14. Sinala a opción correcta:

- ☐ A hidrosfera é a capa de auga que cobre a metade do noso planeta.
- ☐ A atmosfera é o conxunto de todas as augas do noso planeta.
- ☐ A biosfera é o conxunto de seres vivos que habitan no noso planeta.

15. A Terra tarda:

- ☐ 365 días, 5 horas e 48 minutos en dar unha volta completa arredor do Sol.
- ☐ 366 días, 5 horas e 48 minutos en dar unha volta completa arredor do Sol.



365 días, 5 horas e 30 minutos en dar unha volta completa arredor do Sol.